

## Resolución aprobando as Bases e a Convocatoria do Concurso

Expediente nº: 293/2018

Asunto: DESFILE ENTROIDO 2018. Bases premios

Procedemento: CONVOCATORIA E PREMIOS DESFILE DE ENTROIDO 2018

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.-

Visto expediente tramitado para convocatoria e premios con motivo do DESFILE DO ENTROIDO 2018 neste Concello de Ribadeo.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención obrantes no procedemento.

Vista igualmente a proposta de Bases do concurso elaborada pola técnica municipal de cultura da Corporación que figuran no expediente así como a acta coa proposta de membros para formar parte do xurado do desfile.

Esta Alcaldía de acordo con canto dispón o artigo 21.1.f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa de pertinente aplicación,

### RESOLVE:

**PRIMEIRO.** Aprobar as Bases reguladoras do Concurso **DESFILE DO ENTROIDO 2018**, nos termos en que figuran no expediente, de acordo coas seguintes estipulacións:

- A. A participación implica a aceptación das presentes bases e está aberta a todas as asociacións veciñais, culturais, xuvenís, colexios, persoas físicas etc, que soliciten a inscrición.
- B. O desfile terá lugar o martes 13 de febreiro de 2018 e a hora, lugar de saída e percorrido figurará na publicidade do evento, debendo anunciarse coa suficiente antelación para coñecemento de todos os participantes.
- C. O concurso terá un xurado composto por un presidente e seis vogais, sendo un deles o Concelleiro de Cultura, que actúa como representante do concello, xunto ao secretario, @ técnico@ de Cultura. Esta última terá dereito a voz mais non a voto. O resto dos compoñentes serán persoas a poder ser procedentes de ámbitos municipais como o asociacionismo, a cultura, a comunicación, a imaxe e o deseño etc, e serán nomeadas por Resolución de Alcaldía antes da celebración do evento.
- D. O xurado terá en conta á hora de valorar aos participantes, as calidades, o espírito do Entroido (a graza, a empatía co público, a sátira, etc) así como a creatividade e coidado no vestiario e no resto do *atrezzo*.
- E. Para este concurso establécense os seguintes **premios por categorías**
  - **COMPARSAS**(sen instrumentos): 1º premio 750 €, 2º premio 500 €, 3º premio 250 €
  - **CHARANGAS**(con instrumentos):1º premio 500 €, 2º premio 250 €, 3º premio 100 €
  - **PREMIO ESPECIAL** (de carácter honorífico) Á MELLOR “MASCARITA”
  - **CARROZAS**: 1º premio 400 €, 2º premio 200 €, 3º premio 100 €
  - **GRUPOS** (mínimo 8 persoas) : 1º premio 300 €, 2º premio 200 €, 3º premio 100 €

- **PARELLAS:** 1º premio 200 €, 2º premio 100 €, 3º premio 50 €
- **INDIVIDUAIS:** 1º premio 150 €, 2º premio 75 €, 3º premio 40 €

A contía dos premios superiores a 300 euros estará suxeita á retención que marca o RD 439/2007 do 30 de marzo, polo que se aplica a retención do IRPF, que será do 19%.

Canto aos premios nas categorías infantís serán:

- **GRUPOS** (mínimo 8 persoas): 1º premio 100 €, 2º premio 75 €, 3º premio 50 €
- **PARELLAS:** 1º premio 75 €, 2º premio 50 €, 3º premio 25 €
- **INDIVIDUAIS:** 1º premio 70 €, 2º premio 40 €, 3º premio 20 €

F. As inscricións realizaranse no Rexistro das oficinas municipais dende o día da publicación da Resolución que aprobe as bases até o día do evento, non obstante admitirase a inscrición na mesa que se instalará para este fin en zona visible e anunciada da Vila, o propio día do desfile desde as 15.00 ás 16.30 h, e onde estará presente a persoa representante do Concello que actúa como secretario.

G. Os/as participantes no desfile deberán estar na súa ubicación, que se anunciará oportunamente, 15 min. antes de comezar o desfile.

**SEGUNDO.** Publicar o texto íntegro das Bases reguladoras do concurso no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal) (sede electrónica) e nun dos diarios de maior difusión no municipio para dar o máximo coñecemento das mesmas.

**TERCEIRO.** Aprobar o gasto orzamentario que leva aparelado o concurso con cargo á partida do Orzamento Xeral para o exercicio 2018 sinalada no informe de Intervención.

**CUARTO.** Designar como membros do Xurado que xulgará o **DESFILE DO ENTROIDO 2018** ás seguintes persoas, de acordo coa proposta formalizada:

- Presidente: D. Xosé Farruco Graña Rama. Concelleiro de Cultura.
- Vogal: D. Juan Antonio Fernández Andina
- Vogal: D<sup>a</sup> Tatiana Gómez Gorriti.
- Vogal: D<sup>a</sup> María Antonia López Lens.
- Vogal: D<sup>a</sup> Natalia Moledo Gonçalves
- Vogal: D. Guillermo Amor Roca.
- Vogal- Secretario: D<sup>a</sup> María Neves Paz Vilar, Técnica de Cultura do Concello.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, en Ribadeo a data da sinatura electrónica, do que eu Secretario dou fe.

Ante mín.  
SECRETARIO,  
Asdo.: JOSE RODIL VEIGA

ALCALDE,  
Asdo.: FERNANDO SUAREZ BARCIA.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE,**